



TÁBOA DE CONTIDOS

1. ASPECTOS XERAIS:

- Xustificación do plan
- Características do centro
- Detección de necesidades
- Problemas habituais na convivencia do noso centro.

2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DE CONVIVENCIA NO CENTRO.

- Actuacións previstas

3. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA DO CENTRO

- Constitución e composición
- Atribucións
- Funcionamento

4. DEREITOS E DEBERES DE:

- Pais, Nais, ou titores
- Alumnado
- Profesorado
- Persoal de administración e servizos

5. CONDICIÓ DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESROADO

6. RESPONSABILIDADE NA REPARACIÓN DE DANOS.

7. NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA

8. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

- Conductas graves
- Conductas leves
- Medidas correctoras
- Medidas preventivas
- Procedementos para impoñer as medidas correctoras
- Responsabilidade de Pais e Nais
- Aula de convivencia

9. ACOSO ESCOLAR:

- Definición
- PROTOCOLO NUNHA SITUACIÓN DE ACOSO.

10. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

11. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

12. APROBACIÓN DO PLAN

13. ANEXOS

1. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2. FORMULARIOS PARA IMPOÑER MEDIDAS CORRECTORAS

PLAN DE CONVIVENCIA

1. ASPECTOS XERAIS

▪ XUSTIFICACIÓN DO PLAN

Aprender a vivir xuntos, aprender a convivir cos demais, constitúe unha finalidade esencial na educación e representa un dos principais retos para o sistema educativo actual. Son moitas as razóns que fan que esta aprendizaxe se considere non só valiosa en si mesma, senón imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria e pacífica.

A convivencia no noso Centro Escolar será sempre un dos eixes prioritarios da toda a comunidade educativa. Ser capaces de educar para a convivencia e contribuír á formación cívica e solidaria dos nosos alumnos é un reto educativo que o CEIP "CURROS ENRÍQUEZ" de Celanova vai asumir.

Educar para a convivencia pasa así mesmo pola necesidade de articular e respectar un código de normas que sexa recoñecido e asumido por toda a comunidade educativa. Este código básico de actuación para regular as pautas de convivencia constitúe o Regulamento de Réxime Interno.

Para levar a cabo a educación para a convivencia artículase este Plan de Convivencia, entendido como un documento vertebrador das actuacións necesarias para conquistar os obxectivos propostos.

Este documento do Plan de Convivencia tivo en conta as bases legislativas desenvolvidas ao efecto:

- Real Decreto 732/1995 do 5 Maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.
- Decreto 374/1996 do 17 Outubro polo que se aproba o regulamento das Escolas de E.I. e colexios de E.P. (D.O.G. do 21-10-1996).
- Orde do 22 Xullo de 1997 polo que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das Escolas de E.I. e colexios de E.P.
- Decreto 85/2007 de 12 Abril, polo que se crea e se regula o Observatorio galego de Convivencia Escolar, baseado na LOE 2/2006; onde di que un dos seus fins é a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Orde do 7 – Abril do 2008 que regula os permisos e licenzas dos docentes (DOG do 23 Abril do 2008)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de Xullo do 2011)

A elaboración e posta en práctica deste Plan de Convivencia vai encamiñada ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para aprender a vivir en sociedade en harmonía e resolver conflitos a través da participación, boas canles

de comunicación e a prevención de problemas de conduta, pretendendo deste xeito:

- Acadar consenso e implicación de todos os membros da Comunidade Educativa para fomentar a convivencia.
- Cumprir e facer cumprir o Regulamento de Réxime Interno e as Normas de Convivencia.
- Resolver conflitos de maneira dialogada, democrática e pacífica.

▪ **CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**

UBICACIÓN: ENTORNO XEOGRÁFICO, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL

O colexio de Educación Infantil e Primaria “ Curros Enriquez” de Celanova, atópase ubicado na vila de Celanova, sita a 24 quilómetros da cidade de Ourense. Posúe una poboación de 3244 habitantes aproximadamente.

Celanova é partido Xudicial e abrangue os concellos de: A Bola, Cartelle, Cortegada de Miño, Gomesende, A Merca, Pontedevea, Quintela de Leirado e Ramirás. Conta cunha extensión de 36 quilómetros cadrados agrupada en 18 parroquias.

A súa economía é agrícola e gandeira, adquirindo maior importancia a gandería vacúa. No sector secundario, destacan algún serradoiros, fábricas de queixos, dúas fábricas pequenas de confección de camisas, outra de embutidos, etc. No sector terciario, podemos citar: bares, cafeterías, restaurantes, librerías, bancos, talleres mecánicos....estes servizos son máis numerosos na vila, o que contribúe a manter vixente o mercado que tódolos xoves de cada mes se celebra na vila.

Culturalmente, temos que ter en conta a estreita relación que hai entre as características socio-culturais e económicas do entorno. A historia da bisbarra está profundamente vinculada a do Mosteiro.

As motivacións culturais son escasas; merece mención a asociación Coelerni Solpor, que engloba outras sociedades, cada unha de estas cunhas actividades determinadas.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Trátase dun CEIP público con cinco unidades de E.I. e 12 de E.P., o cal os datos identificativos de dito centro son:

NOME: Ceip “Curros Enriquez”.

DIRECCIÓN: Avda. López Blanco (A Costa) 32800 Celanova

TELF: 988431725

E_MAIL: ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

PAX WEB: centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova

Este centro está bastante ben conservado, se se ten en conta que leva funcionando dende o ano 1974. Nos últimos anos, fóronse facendo algunhas melloras.

DEPENDENCIAS

* **Planta baixa:** unha vivenda para o bedel, unha sala de profesores, un salón de actos, un despacho de secretaría, un despacho de dirección, un comedor e cociña, unha sala de visitas, un ximnasio con vestiarios, unha sala para médicos, catro aulas de E.I., un aula de psicomotricidade, seis aulas de primaria,

despacho de orientación, cinco servizos hixiénicos, oito servizos hixiénicos para alumnos, un pabillón deportivo cuberto, un patio de recreo para E.I., dous patios de recreo para E.P., un vestíbulo, conserxería e un arquivo.

* **Planta alta:** once aulas de E.P., un aula de E.I., un laboratorio, unha biblioteca, un aula de plástica, unha aula de informática, catro servizos hixiénicos para profesores, catro servizos hixiénicos para alumnos

1.2 Alumnado

O colexio de Educación Infantil e Primaria de Celanova acoden 243 alumnos/as procedentes do Concello de Celanova, do concello A Bola, Gomesende, San Martín de Albos e San Andrés de Gontán, pertencentes ao Concello de Vereá, e mailos do pobo de A Ulfe. Polo tanto cóntase cun gran grupo de alumnado pertencente do medio rural.

O centro conta cos **órganos de goberno** que lle corresponde polas súas características: Director, Xefe de Estudos, Secretario, e como Claustro e Consello escolar.

Posúe tamén todos os **órganos de coordinación docente:** Equipos de ciclo, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.

1.4 Vinculación do centro con outras institucións do concello

A comunicación da escola co entorno é fundamental para desenvolver o currículo contextualizado na realidade máis próxima do noso alumnado. O centro colabora co concello de Celanova tanto co departamento de cultura e deportes como cos servizos sociais, con outros centros do concello, así mesmo tamén colabora con outras institucións culturais e deportivas locais. O centro tamén está en constante diálogo e colaboración coa ANPA.

1.5 Servizos complementarios

**Transporte escolar:*

Os alumnos/as son transportados gratuitamente en oito autocares a diario, son recollidos nas paradas fixadas. Para cada percorrido hai unha acompañante para manter a orde e colaboran na subida dos pequenos durante o percorrido.

**Comedor e Atención Temperá:*

O colexio conta con este servizo para todo o alumnado. As vixilancias durante a comida son realizadas polas nais dos alumnos/as.

A Atención Temperá é realizada en horario de (8:15- 10:15) por unha nai.

**Coidadora e outro persoal:*

Na actualidade o centro conta cun servizo dunha nai colaboradora do comedor que se encarga de axudar aos nenos con falta de autonomía no control de esfínteres, xestionado polo ANPA.

Outro persoal:

Como **órgano de participación da comunidade educativa** contamos coa ANPA.

Como **persoal non docente** contamos con : 3 persoas encargadas da cociña, 1 conserxe, 1 secretaria e 3 mulleres encargadas da limpeza.

Como actividades extraescolares propostas pola ANPA estanse a realizar as seguintes: Informática, Teatro, Manualidades e Pintura, Animación á lectura, Inglés, Percusión e Atención ao alumnado fóra do horario escolar (8:15- 10:15) .

1.6 Calendario escolar e horario xeral do centro

O calendario escolar establéceo a Consellería de Educación para cada curso escolar e este queda reflectido cada principio de curso na programación xeral que é aprobada polo Consello Escolar do centro.

O labor educativo desenvólvese en horario partido de outubro a maio dende ás 10:15h. ás 17:00h. de luns a xoves, e dende as 10:15 h ás 15:00 h os venres. E de xuño a setembro en horario continuo de 10:00 h ás 14:30 h.

De luns a xoves o profesorado está no centro para dedicarse a traballos de coordinación, de atención ás familias e reunións de 13:50 h a 15:00 h.

▪ DETECCIÓN DAS NECESIDADES DO CENTRO

Análise da situación actual e das accións implementadas.

Baseámonos aquí na análise das actuacións desenvolvidas ata o momento: actuacións individuais, puntuais, do equipo directivo, dos equipos de ciclo, do departamento de orientación, da comisión de coordinación pedagóxica, da comisión de convivencia, aquelas realizadas en colaboración con outras entidades, etc.

En primeiro lugar contamos co Regulamento de Réxime Interior como o instrumento que regula os diversos aspectos da convivencia no centro, en especial os dereitos e deberes de alumnado e profesorado, as normas contrarias á convivencia e as correccións previstas.

No Plan de Acción Tutorial recóllense diversas actividades que realizamos e están favorecendo a convivencia:

- ✚ Actuación directa dos/as titores/as ao longo do horario de clases.
- ✚ Actividades da Semana da Paz, organizadas ao redor da celebración do Día Internacional da Paz e o 30 de xaneiro.
- ✚ Tutorías coas familias para tratar aspectos de comportamento dos/as fillos/as, tanto individualmente como de grupo.

Na avaliación de necesidades recolleuse información dos distintos puntos de vista da comunidade educativa seguindo unha técnica cualitativa, na que se empregaron como instrumentos de recollida de información os cuestionarios deseñados ao efecto.

Da análise dos datos recollidos, obtemos os seguintes **resultados**:

Valoración xeral de aspectos da convivencia no centro

Valoramos como bastante boa e incluso moi boa a percepción xeral que os distintos membros da comunidade educativa teñen en relación cos aspectos de convivencia no centro educativo. A valoración das relacións persoais entre profesorado, alumnado e familias supera a cualificación de *bastante boa*. O punto máis débil refírese á participación das familias na vida social do centro.

▪ PROBLEMAS HABITUAIS NA CONVIVENCIA DO NOSO CENTRO

A percepción do nivel de conflictividade, sitúase no nivel de *poucos conflitos*. Aínda que nunha frecuencia de conflitos próxima ao grao de *pouco*, tanto o profesorado coma o alumnado e os pais e nais coinciden en liñas xerais ao destacar como máis relevante que os alumnos e alumnas se insultan e se poñen motes, se pelexan e que non se respectan o suficiente as normas do centro. O alumnado tamén percibe que os profesores non os entenden o suficiente. O profesorado quéixase da excesiva “*balcanización*” e de que cada quen “*vai por libre*”.

Estas son as condutas contrarias a convivencia do noso centro (tendo en conta que a frecuencia e o tipo ou gravidade do comportamento é moi variable):

FÍSICOS:

- ◇ Empurróns, agarróns, arañazos,
- ◇ Patadas
- ◇ Esconder cousas
- ◇ Rotura de cousas

VERBAIS:

- ◇ Desprezos, bromas pesadas
- ◇ Alcumes, insultos
- ◇ Ameazas, intimidacións
- ◇ Comentarios ou provocacións racistas

SOCIAIS:

- ◇ Illamento, non deixar participar, burlas
- ◇ Humillacións, chivarse, complicidade con outros
- ◇ Difundir rumores
- ◇ Obrigar a facer cousas

ESCOLARES:

- ◇ Non facer as tarefas
- ◇ Non traer os materiais necesarios
- ◇ Erguerse continuamente da cadeira
- ◇ Romper o ritmo da aula
- ◇ Facer grazas ou bromas para que os outros rían
- ◇ Non escoitar cando se explica
- ◇ Molestar aos compañeiros
- ◇ Incumprir as normas

Momentos e lugares nos que se producen os conflitos

Tanto o profesorado coma o alumnado coinciden ao sinalar que é durante o tempo de recreo cando se produce o maior número de conflitos, e que estes prodúcense no patio do colexio en maior medida.

Iniciativas útiles para mellorar a convivencia no centro

Entre as iniciativas propostas, tanto profesorado, alumnado de terceiro ciclo e pais e nais coinciden ao sinalar a importancia de ensinar estratexias para solucionar os conflitos, pero non só para o alumnado, senón tamén para o profesorado e para as propias familias. En segundo lugar destacamos a necesidade de utilizar un estilo docente respectuoso e positivo. En terceiro lugar cítanse os aspectos metodolóxicos na docencia (utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa, favorecer o traballo cooperativo en grupos ou mellorar os

recursos do centro). Para concluír, cabe salientar que o profesorado demanda de forma moi especial a necesidade de unificar os criterios de actuación ante os conflitos.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se teñen observado problemas moi graves, exceptuando o caso dun alumno, aínda que de vez en cando aparecen algúns conflitos esporádicos, que se resolven co diálogo e algunha medida correctiva como privar ao causante dun tempo de recreo, petición de perdón, comunicación aos pais, etc.

A relación coas familias tamén é boa sendo atendidos sempre que o solicitan e mantendo como mínimo unha reunión en grupo a principios de curso, na que se da información de carácter xeral.

2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

Para desenvolver este Plan de Convivencia partimos das seguintes consideracións previas:

1- A elaboración do Plan de Convivencia é o resultado da implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa: profesorado, pais e nais e alumnado, para o fomento dunha boa convivencia no Centro.

2- A prevención é a principal recomendación para a mellora da convivencia, en consecuencia o noso traballo centrarase en prever as condutas contrarias a ela no noso centro. Priorizaremos aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.

3- A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio en base ao respecto e a responsabilidade persoal, a participación e o traballo cooperativo, o rexeitamento de toda discriminación e a compensación das desigualdades.

4- O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo e, sobre todo, servir como medio de aprendizaxe a procura dalgunha solución ao conflito de forma democrática, dialogada e pacífica.

5- En materia de Convivencia e disciplina os alumnos están obrigados ao cumprimento no disposto no Regulamento de Réxime Interno do Centro. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un **propósito formativo**, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma de todo o alumnado.

6- As actitudes a desenvolver e a organización do Centro en materia de convivencia deberán basearse nas Normas de Convivencia establecidas no RRI en vigor.

7- A colaboración coas familias adquire un papel central na educación do alumnado, debendo estreitar a devandita colaboración.

8- Desenvolver unha convivencia adecuada na aula precisa que exista un bo nivel de coordinación entre o equipo docente. Esta deberá establecerse sobre o esencial, marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo.

9- A acción titorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a convivencia a través dela. O profesorado pode dispor dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, etc... .

O noso Plan de Acción Titorial **debe ser asumido e coñecido por todas as partes implicadas** coa finalidade de asegurar unha boa implementación e a súa contribución á mellora da convivencia no centro.

Estes principios básicos concréntanse nos seguintes **obxectivos**:

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Mellorar o clima de convivencia do Centro en todos os espazos: aulas, patio, sitios común, etc., fomentando valores e actitudes para mellorar o cumprimento das normas, con respecto á diversidade e o fomento da igualdade homes-mulleres.

2. Sensibilizar ós sectores educativos sobre a importancia fundamental da convivencia para o desenvolvemento integral do alumnado.
3. Regular procedementos de consulta e participación directa das familias no ensino.
4. Aprender a resolver conflitos de maneira reflexiva, pacífica e dialogada.
5. Facilitar a prevención, detección, tratamento e resolución dos conflitos que se plantexan.
6. Xerar unha dinámica de mellora constante do grupo, eliminando as manifestacións violentas nas relación entre eles.
7. Unificar criterios nas actuacións do profesorado e facilitar recursos e instrumentos para promover a cultura da Paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no Centro.
8. Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario, fomentando o traballo en equipo como factor da eficacia fronte ó excesivo individualismo.
9. Propiciar a colaboración familia - escolar a través dun intercambio construtivo da información que permita unir esforzos para lograr fins común e crear canles de comunicación.
10. Conseguir que o alumnado colabore para ter un bo “clima de convivencia” no Centro Escolar.
11. Implicar a todos/as na solución dos problemas plantexados, dándolle unha resposta inmediata no ámbito da prevención, tratamento e erradicación dos conflitos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo.
- Respetar os dereitos e liberdades fundamentais.
- Fomentar a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.
- Facer efectiva a igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Previr e tratar con medidas eficaces as situacións de acoso escolar.
- Recoñecer ao profesorado e equipo directivo as facultades necesarias para previr e corrixir condutas contrarias á convivencia.
- Responsabilizar aos pais e ás nais (titores/as) do seu deber de colaborar ao mantemento da convivencia do centro.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos.

- Fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

ACTUACIONES PREVISTAS

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
<i>Presentación do Plan de Convivencia ás familias, profesorado e alumnado.</i>	Equipo Directivo, orientador e titores.	Reunión informativa, entrevistas persoais.	P.E., NOF, salón de actos, aulas,...	1º Trimestre

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
<i>Unificación de criterios entre todo o profesorado para ter claras as medidas a aplicar a fin de evitar as contradicións e ambigüidades en caso de conflito.</i>	Todo o profesorado.	Xuntanzas de Claustro de principios de curso para unificar criterios.	NOF, P.E.	Principio de curso.

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
<i>Actividades de formación para o profesorado en estratexias de resolución de conflitos</i>	Dpto. Orientación e profesorado	O Dpto. Or. facilitará ós titores material impreso referido ó tema en cuestión.	Cursos de formación, material impreso, etc.	Principios de curso.

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
<i>Establecemento dun clima de clase baseado nas normas negociadas e acordadas que serán asumidas por toda a comunidade educativa.</i>	Todo o profesorado.	As normas xerais acordadas no marco do Plan de Convivencia e NOF estarán visibles en todas as aulas e corredores.	NOF, P.E., carteis elaborados polo alumnado e profesorado.	1ª semanas de curso.

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
<i>Desenvolvemento dun Programa de Habilidades Sociais e resolución de Conflitos consorte ó reflectido no PAT.</i>	Dpto. Or. e titores.	O Dpto. Or. revisará e elaborará os programas. Os equipos de ciclo adaptan os contidos ó nivel psicoevolutivo do alumnado.	En cada caso o Programa especifica os obxectivos, contidos, temporalización e recursos.	Ao longo de todo o curso

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
------------	--------------	-------------	----------	--------

Asambleas de clase para analizar a marcha da convivencia en cada grupo.	-Titores -Dpto. Orientación. -Xefatura de Estudios	-O Dpto. Or. baixo supervisión de Xefatura de Estudios elaboran un cuestionario sobre a convivencia. -O titor aplica o cuestionario e debátense as conclusións no grupo	-Cuestionario -Sociograma.	Os 3 trimestres
--	--	--	-------------------------------	-----------------

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
Celebración do “Día da Paz e a Non Violencia”.	-Equipo Directivo. -Titores -Dpto. Orientación. -Xefatura de Estudios	-Traballo nas distintas titorías sobre temas relacionados coa Paz (en colaboración co Dpto. Orientación. -Exposicións de traballos.	-Normas de convivencia. -Material audiovisual. -Traballos elaborados polos grupos.	Última semana de xaneiro

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
Desenvolvemento das tarefas de titoría cando a persoa titora o estime necesario.	-Titores -Dpto. Orientación.	-A persoa titora fomentará os valores democráticos de convivencia e tolerancia empregando unha metodoloxía participativa	-Normas de convivencia. -Material audiovisual. -Traballos elaborados polos grupos.	Última semana de xaneiro

--	--	--	--	--

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
Formación ás familias en estratexias de resolución de conflitos, detección de malos tratos entre iguais, etc.	-Equipo Directivo -Dpto. Orientación.	-Reunións coas Familias	-Sesións informativas e material impreso.	Ó longo do curso

3. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA DO CENTRO

▪ **Constitución e composición.**

Por definición, o Observatorio de Convivencia do centro é un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no colexio e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

O observatorio de convivencia nos centros educativos terá como finalidade analizar e propoñer accións de prevención e intervención, en relación coa mellora do clima escolar, así como ser canle de participación de todos os sectores con responsabilidade no tema da convivencia. A constitución do observatorio da convivencia no centro lévase a cabo seguindo as instrucións da Consellería de Educación (17 de outubro de 2007) ditadas a tal fin. Así constitúese o Observatorio da Convivencia do CEIP "CURROS ENRÍQUEZ" de Celanova, quedando composto polos seguintes membros:

- Director/a
- Xefe/a de estudos
- 1 representante dos pais/nais
- 2 Mestres e o Orientador/a
- Coordinador/a da Dinamización de Convivencia
- Un representante do persoal laboral

○ Observatorio de Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre. Poderá reunirse con carácter extraordinario as veces que sexa convocado pola presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de , polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

O Observatorio da Convivencia do Centro estará aberto á participación do profesor titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

▪ **Atribucións.**

Ó abeiro do disposto no artigo 7º apartado 3 do *Decreto* anteriormente citado, este Observatorio da C.E. ten como **funcións específicas**:

- a) A participación na dinamización do Plan de Convivencia do centro e na mediación escolar.
- b) A elaboración dun Informe Anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este I.A. será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.
- c) A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.
- d) Propoñer á Administración Educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- e) Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración Educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

▪ **Funcionamento.**

O noso Observatorio da Convivencia Escolar manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

4. DEREITOS E DEBERES DE

- Pais, Nais, ou titores

Dereitos dous pais/nais:	Deberes dous pais/nais:
a) A ser respectados e recibir un trato axeitado polo resto da comunidade educativa.	a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.	b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado non exercicio das súas competencias.
c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.	c) Apoiar ao centro e ao profesorado. Non desautorizar aos profesores diante dos fillos.
d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.	d) Fomentar ou respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.	e) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
f) Formar parte das asociacións de pais e nais, dispoñendo dun local de reunión.	f) Procurar aos seus fillos/ás o material e os recursos precisos para que a labor educativo sexa eficiente sempre segundo as súas posibilidades e de acordo co criterio establecido polo equipo educativo.
g) Ter dereito a seren electores/ás elixibles conforme a lexislación vixente para a representación de pais e nais nos órganos colexiados do Centro: Consello Escolar.	g) Xustificar axeitadamente as faltas de asistencia ou atrasos dos seus fillos.
h) participar activamente nos órganos colexiados para os que sexa elixido/a, así coma nas Comisións nos que sexan requiridos/ás sempre segundo ás súas posibilidades.	

▪ **Alumnado**

Dereitos do alumnado:	Deberes do alumnado:
a)A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, Liberdade e respecto mutuo.	a)participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
b)A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.	b) Respetar a dignidade e ás funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa no centro
c)Promoverase a igualdade de oportunidades a través da non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, así como por minusvalías físicas ou psíquicas e tamén a través do establecemento de medidas compensatorias.	c) Respetar a Liberdade de conciencia, ás conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros dá comunidade educativa.
d) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra ás situacións de acoso escolar.	d) Respetar ás normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
e) A participar directamente non proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos non título IV dá Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.	e) Conservar e facer bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
f) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.	f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
g) Os alumnos teñen dereito a que o seu rendemento académico sexa avaliado con enteira obxectividade.	g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
h) A recibir orientación escolar para conseguir o máximo desenvolvemento persoal e social, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses,	h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

coidando aos alumnos con discapacidade e carencias sociais ou culturais.	
--	--

▪ **Profesorado**

Dereitos do profesorado:	Deberes do profesorado:
a) A ser respectado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.	a) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa
b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo axeitado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.	b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un axeitado ambiente de convivencia durante ás clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.	c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un axeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.	d) Informar ás nais e pais e ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.
e) A protección xurídica axeitada as súas funcións docentes.	e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos non título IV desta lei.	
g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na	

<p>conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.</p>	
<p>h) Teñen dereito a empregar os métodos de ensinanza e aprendizaxe que consideren máis axeitados ou nivel de desenvolvemento, aptitudes e capacidades dos seus alumnos. Este dereito fai alusión á autonomía profesional dentro da aula e á capacidade de cada profesor para tomar iniciativas respecto aos métodos de ensinanza que axuden aos seus alumnos a apoiar os obxectivos educativos programados.</p>	
<p>i) Teñen dereito a recibir colaboración activa das familias, a que estas asuman as súas responsabilidades no proceso de formación dos seus fillos e a que apoiem a autoridade do profesor.</p>	
<p>k) Teñen dereito a ausentarse do posto de traballo polas causas establecidas na orde do 22 de xullo de 199- e da lei 13/2007 de 27 de xullo dá modificación da Lei de Función Pública de Galicia, e na Orde do 7 de abril de 2008 (DOG do 23 de abril).</p>	
<p>l) Os profesores teñen dereito a liberdade de cátedra aínda que aténdose á programación establecida polo Equipo de ciclo ao que pertenza.</p>	

▪ **Persoal de administración e servizos**

Dereitos do persoal de administración e servizos:	Deberes do persoal de administración e servizos:
<p>a) A ser respectado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.</p>	<p>a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.</p>
<p>b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente axeitado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e</p>	<p>b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia</p>

moral.	e, en particular, das situacións de acoso escolar.
c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.	c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
d) Á protección xurídica axeitada as súas funcións.	d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.	

5. CONDICIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESORADO

No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que ou porta fose menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se fose maior de 18 anos, unha vez rematada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

6. RESPONSABILIDADE NA REPARACIÓN DE DANOS

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coa correccións disciplinarias que, de ser o caso, corresponda.

7. NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA

-Débese responsabilizar aos nenos/ás e conciencialos da importancia dos seus estudos e da vida no Centro escolar, xa que nel pasan a maior parte da xornada, convivindo con compañeiros, mestres e demais persoal do centro.

-Hai que potenciar o respecto entre todos os membros da Comunidade (mestres, compañeiros/ás, e persoas que teñen relación co Colexio: conserxe, monitores, colaboradores do comedor, etc). En todo momento utilizarán un vocabulario correcto e axeitado.

-Non se discriminará a ningún membro da comunidade educativa por razón de sexo, raza ou outra circunstancia persoal ou social.

-Prestar especial atención á hixiene e limpeza persoal, procurando que a imaxe sexa limpa e correcta. Non se permite o uso de viseiras, gorros, dentro do Centro, se non é unha causa xustificada. O uso de prendas de vestir non mostrará a roupa interior, nin se permite o uso de roupa con mensaxes ofensivos que atenten ou ofendan a sensibilidade, dignidade ou crenzas dos demais.

-Coidar e respectar o mobiliario, as instalacións e o conxunto dos edificios do centro, os pais/nais estarán obrigados a reparar os danos causados.

. O alumnado non pode usar no colexio teléfonos móbiles ou aparellos electrónicos que molesten ou distraian . En caso de incumprimento, retirarase o aparello e será entregado aos pais ou titores legais. O Centro non se responsabiliza do extravío de ditos aparatos dentro da escola.

. O persoal do Centro fará un uso de modo razoable dos móbiles, ordenadores e outros aparellos electrónicos dentro do recinto escolar: aulas, patio, comedor, etc., mentres estea o alumnado presente

-O alumnado utilizará os baños que lle corresponden, dándolles o uso debido e evitarán xogar dentro dos mesmos.

-Os desperdicios e envoltorios depositaranse nas papeleiras habilitadas no patio e nas aulas.

-Dentro do Centro ou o asistir a actividades realizadas no salón de Actos, Biblioteca e outros espazos comúns, os alumnos/ás irán en fila sen correr e ordenadamente.

-Nos cambios de clase e de Mestre, os alumnos/as permanecerán sentados ata a chegada do seguinte Mestre.

-Ningún alumno/a sairá do Colexio en horario escolar, agás se os pais ou persoa autorizada o ven a recoller, cubrindo o impreso correspondente para tal situación e seguindo as instrucións de principio de curso.

-Subir as cadeiras e deixar as aulas ordenadas o rematar a xornada lectiva.

-Durante a hora do recreo, non se pode permanecer na aula sen un Mestre/a ou persoa responsable, nin retornar á aula sen permiso.

-Non patio xogarase nos lugares habilitados para elo, e non se practicarán xogos perigosos que supoñan perigo ou molestias aos demais.

-A entrada ás aulas será en fila e ordenadamente, sen correr polos corredores e accesos ás aulas, para non alterar a convivencia nin a actividade educativa.

-A saída farase tamén en orde, baixarán en fila os alumnos/as, acompañados polo Mestre que este con eles nese momento.

-Por motivos de seguridade non se permitirá a entrada a familiares nin acompañantes no recinto escolar (patios, corredores e aulas) durante os períodos lectivos.(salvo excepcións ou permiso expreso). . Si queren falar con algún Mestres do centro ou recoller algún alumno, avisarán ao Conserxe

Toda a Comunidade Educativa velará polo efectivo cumprimento destas normas para que o seu seguimento facilite o normal desenvolvemento da vida escolar. O profesorado ten a condición de autoridade pública e os feitos que se constaten e formalicen por escrito teñen a presunción de veracidade.

O Equipo Directivo é a fonte de información máis fiable para resolver calquera problema ou dúbida relacionado co centro escolar : funcionamento do centro, alumnado, profesorado, persoal laboral, pais/nais colaboradores do comedor ,transporte escolar e en xeral da totalidade da comunidade educativa.

8.CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

▪ Conductas graves

CONDUCTAS GRAVES	MEDIDAS CORRECTORAS	PROCEDEMENTO
<p>a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.</p> <p>b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, minusvalías físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.</p>	<p>-Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>-Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>-Cambio de grupo.</p> <p>-Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>-Suspensión temporal do dereito</p>	<p>FASE 1: INICIO DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Corresponde acordar o inicio á persoa titular da dirección: por iniciativa propia, petición dun Mestre ou denuncia doutros membros da comunidade educativa • Notifícase á familia e á Inspección Educativa indicando a conduta ou faltas (con explicación detallada dúas feitos), as correccións que corresponden e o nome do Mestre/a instructor/a. • O Director pode acordar (por iniciativa propia ou do Instructor) cambio temporal de grupo ou suspensión dereito asistencia centro ou clases, non máis de 5 días lectivos e notificando á familia. <p>FASE 2: INSTRUCIÓN E TRÁMITE AUDIENCIA</p> <ul style="list-style-type: none"> • O/A instructor formula proposta de

<p>d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.</p> <p>e) As actuacións que constitúan acoso escolar conforme o establecido polo artigo 28 desta lei.</p> <p>f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.</p> <p>g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.</p> <p>h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e</p>	<p>de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante ou tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción non proceso formativo.</p> <p>-Cambio de centro.</p>	<p>resolución dando audiencia o alumno/a e a familia en horario lectivo, levantando acta. Se a comparecencia é inxustificada darase por realizada para os efectos legais.</p> <p>FASE 3: RESOLUCIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • O Director ditará resolución e impondrá a corrección e a obriga de reparar os danos nos termos do artigo 13 desta lei. • Esta resolución notificase á familia nun prazo máximo de 12 días lectivos dende que se iniciou o procedemento. • Comunícase á Inspección educativa. <p>RECURSO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Contra a resolución cabe a revisión ante o consello escolar no prazo de 10 días lectivos nos termos da alínea f) do art. 127 da Lei de educación de 3 de maio 2006 (L.O.E.)
---	---	--

<p>extraescolar.</p> <p>i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.</p> <p>k) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.</p> <p>En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que a refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.</p> <p>l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.</p> <p>m) O incumprimento das sancións impostas.</p>		
---	--	--

- **Conductas leves**

CONDUTAS LEVES	MEDIDAS CORRETORAS (art.22)	COMPETENCIA
<p>a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na liña a), os actos de discriminación da liña b), os actos de indisciplina da liña c), os danos da liña g), os actos inxustificadas da liña h) e as actuacións prexudiciais descritas na liña i) das condutas graves que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.</p> <p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro, perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.</p> <p>c) A non asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.</p> <p>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no</p>	<p>a)Amoestación privada ou por escrito.</p> <p>b)Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xeatura de estudos.</p> <p>c)Realización de traballos específicos en horario lectivo</p> <p>d)Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>e)Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.</p> <p>f)Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p> <p>g)Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>	<p>-O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 22.</p> <p>-A titora ou titor da alumna ou alumno no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 22.</p> <hr/> <p>-A persoa que ocupe a xefatura de estudos no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 22 desta lei.</p> <p>-A persoa titular da dirección. no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 22.</p> <p>As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que a refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.</p>

<p>desenvolvemento das clases. e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente,</p>	<p>h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>	
---	--	--

- 1) As condutas levemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben ao mes.
- 2) O prazo de prescrición comezará a contarse dende o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

▪ **Medidas correctoras**

A corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

- Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.
- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- Terase en conta a idade do alumnado e ás demais circunstancias persoais, familiares e sociais.

Tomaranse en consideración:

- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta
- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas
- A natureza dos prexuízos causados
- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

MEDIDAS CORRECTORAS PARA OS PROBLEMAS COMÚNS DO NOSO CENTRO

Problema de convivencia	Pasos a seguir	Persoa responsable da corrección	valoración
Pelexas, insultos, mentiras, esconder cousas	Recoller a información dos implicados Amonestación privada a os implicados Comunicación ao titor Constancia por escrito Comunicación á xefatura de estudos Comunicación á familia	Aquela que observe o acontecido	Funciona ou é insuficiente
Erguerse continuamente da cadeira Romper o ritmo da aula Facer grazas ou bromas para que os outros rían Non escoitar cando se explica Molestar aos compañeiros Incumprir as normas	Rexistrar cada unha das condutas Amonestación privada e pública Se existe reiteración non deixar que participe na clase correxindo ou contando cousas	Aquela que observe o acontecido	Funciona ou é insuficiente
Ameazas, intimidacións Obrigar a facer cousas	Recoller a información dos implicados Amonestación privada a os implicados Comunicación ao titor Constancia por escrito Comunicación á xefatura de estudos Comunicación á familia	Aquela que observe o acontecido	Funciona ou é insuficiente

▪ **Medidas preventivas**

1.- Información do centro.
-Consenso nas decisións.
2.-Potenciar a xestión democrática do Centro.
3.-Integrar nas programacións contidos transversais que potencien a educación na convivencia de xeito que se potencie a prevención da violencia e a resolución de conflitos na escola de xeito non violento.
4.-Aplicar estratexias na aula que eduquen na convivencia ao mesmo tempo que se aprende.
5. - Difundir nas aulas (aos alumnos):
-Hábitos saudables.
-Atención a diversidade.
-Plan de acción tutorial.
-Resolución pacífica de conflitos.
6.-Coñecer as normas do centro (alumnos) e posibilidade de que poidan establecer algunhas normas.
7.-Colaboración entre os profesores(atender a todos os alumnos).
8.-Favorecer as habilidades e estratexias sociais e de comunicación no profesorado, orientadas á educación na convivencia e resolución de conflitos na escola de forma non violenta.
9.-Implicar ás familias nos procesos de convivencia (darlle normas) Escola de pais do concello. Colaborar co departamento de orientación nos programas de orientación familiar.
10. - Dar a coñecer ás familias o RRI, o plan de convivencia.
11. -Posibilidade de creación dunha aula de convivencia.
12. -Promover respecto e os dereitos humanos.
13. - Contemplan a figura dun mediador, se é necesario.
14. -Establecemento de programas específicos para o alumnado que presenta problemas de tipo emocional.
15. -Avaliar ou funcionamento do plan (trimestralmente).

- **Procedementos para impoñer as medidas correctoras**

As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que a refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

- **Responsabilidade de Pais e Nais**

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dous deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

- **Aula de convivencia**

QUE ENTENDEMOS POR AULA DE CONVIVENCIA

Un espazo de reflexión para o alumnado que non mantén un comportamento axeitado na aula, xunto ao profesorado e aos seus compañeiros e compañeiras. Atención personalizada que realiza un mestre/mestra, durante a súa garda, para axudar e orientar cara o compromiso do alumnado na mellora de actitudes.

artigo 19.3 da Lei 4/2011 de Convivencia.

" Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estable e con vocación de substituír o tempo de expulsión con apoios e formación específica, que busquen reincorporar ao alumnado á súa aula no menor tempo posible".

OBXECTIVOS DA AULA

- Mellorar o normal desenvolvemento das aulas.
- Fomentar a reflexión por parte do alumnado sobre a falta cometida e a maneira de reparala.
- Corrixir e mellorar a conduta do alumnado.
- Previr a posta en marcha de medidas máis extraordinarias de corrección, como pode ser a expulsión do centro.
- Favorecer o adestramento en habilidades sociais que preveñan condutas disruptivas no futuro.

CRITERIOS DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO.

1. Comportamento disruptivo, que altera o normal desenvolvemento da convivencia do grupo clase, impedindo que el resto de compañeiros o aproveiten. Para elo é necesario ter realizado os pasos previos (protocolo) e a comunicación cos pais.

2. Proferir un comportamento irrespectuoso ao profesorado, sendo á criterio de este necesario que non permaneza nese momento na aula de referencia.

PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

Ante unha incidencia grave na aula:

- 1.-Anotación no parte de incidencias da clase por parte do profesor/a
- 2.-Envío do alumno/a á aula de convivencia
- 3.-Levarase un rexistro do tempo e das veces que un alumno/a acude á aula de convivencia.

PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN

A familia debe ser informada mediante comunicación escrita da derivación do alumno/a aula de convivencia e debe cubrir a súa conformidade.

COMUNICACIÓN Á FAMILIA

Reunidos D /Dna

.....

(pai, nai ou titor legal) do alumno / alumna:

.....

.....do.....curso.....

...nivel

e a xefa de estudos do centro

D/Dna.....

Para o seu coñecemento se lle comunica a resolución adoptada de derivar ao citado alumno /alumna á Aula de Convivencia nas condicións establecidas no Plan de Convivencia.

En _____ a _____ de _____ de _____

A xefa de estudos

O pai, nai ou titor legal

Asdo:_____

Asdo.....

9. ACOSO ESCOLAR

▪ Definición

Segundo os expertos as situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- Evidente intención de facer dano.
- Condutas agresivas reiteradas.
- Desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

O acoso pode levarse a cabo mediante as seguintes condutas:

- Comportamentos de desprezo e ridiculización.
- Coaccións.
- Agresións físicas e/ou verbais.
- Comportamentos de intimidación e ameaza.
- Comportamentos de exclusión, marxinación social e ninguneo.
- Roubos, extorsións, chantaxes e deterioración de pertenzas.
- Utilización de internet, mensaxes de móbiles, etc., coa intención de facer dano.

▪ PROTOCOLO (PASOS A SEGUIR) NUNHA SITUACIÓN DE ACOSO.

Constitución inmediata dun Equipo de Valoración formado polo Director, Orientadora e un profesor do centro (preferentemente o titor/a)

1ª FASE.

ACTUACIÓNS.

1. Comunicar a situación de acoso no centro educativo ante:

- Un profesor/a co que poida existir máis confianza.
- O/a Titor/a.
- O Departamento de Orientación.
- O Equipo Directivo.

Calquera membro da comunidade escolar que saiba sobre unha situación de acoso escolar deberá poñelo en coñecemento da Dirección do Centro, ben sexa por escrito ou de forma verbal solicitando unha entrevista. Se decide facelo por escrito, deberá dispoñer dun modelo para facelo efectivo.

2. O director do centro, ou persoa na que se delegue deberá:

1) **Citar e recibir á familia e ao alumno/a acosado/a** en entrevista individual para coñecer o alcance do problema.

2) **Citar e recibir á familia e alumno/a acosador/a**, así como ao resto de implicados en entrevista individual para coñecer o alcance do problema.

3) **Convocar ao Equipo Docente, ao Departamento de Orientación e, posteriormente, a Comisión de Convivencia** para expor o caso e pedir orientacións consensuadas sobre as medidas a tomar en cada caso.

4) **Solicitar o apoio técnico do Orientador/a** para a súa intervención en determinados casos e a súa posible derivación a outros servizos específicos de ser necesario (centro de saúde mental, especialistas externos...).

5) **Informar ao Servizo de Inspección** segundo o modelo que aporta o citado servizo.

6) O Equipo Directivo deberá coñecer tamén, a obrigaón de toda persoa ou autoridade de comunicar á autoridade ou os seus axentes, as situacións de risco que poidan afectar a un menor sen prexuízo de prestarlle o auxilio inmediato que precise (Art. 13 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor). A estes efectos, unha situación de acoso continuado deberá ser **comunicado á Fiscalía de Menores**.

7) **Informar ás familias**: Cando existan evidencias claras de supostos feitos delictivos, se informará ás familias implicadas da comunicación que, no seu caso se realice á Fiscalía.

3. FAMILIA DA VÍCTIMA

-Será informada dos pasos a seguir na xestión do conflito.

-Cando existan evidencias claras de supostos feitos delictivos, informarase á familia sobre a posibilidade, legalmente establecida, de denunciar os feitos, se estes foran constitutivos de delito.

4. FAMILIA DO AGRESOR

- Tamén será informada dos pasos a seguir e se solicitará a súa implicación para a solución do conflito.

- Cando existan evidencias claras de supostos feitos delictivos, informarase á familia sobre as actuacións legais que competen ao centro educativo.

- Os pais e nais dos alumnos/as implicados/as deberán saber que cando existan evidencias claras de que algún destes menores concorrera en algunha das situacións asociadas ao incumprimento ou ao inadecuado exercicio da patria potestade da Lei de Protección do Menor, o centro educativo, porao en coñecemento dos Servizos de Protección do Menor.

5. Antes de tomar calquera medida, é necesario **contrastar a información** procedente de varias fontes: observación directa e vixilancia, profesorado, alumnado e familias. Para cada situación deberá ser valorada a necesidade de recorrer a diferentes métodos, sempre con un alto grado de confidencialidade.

6. Resulta necesaria unha **intervención rápida, urxente e efectiva**. Tamén é moi importante que o proceso se realice coa maior discreción, pois o contrario xeraría maior crispación e violencia.

7. Tamén pode haber **informes procedentes de outros servizos externos** ao centro educativo.

2ª FASE.**ANÁLISE DA INFORMACIÓN E MEDIDAS A ADOPTAR**

Concluídas as entrevistas, o Equipo de Valoración analizará a información recollida e fará unha valoración da situación, determinando se hai indicios abondos para confirmar o non a existencia de acoso entre alumnos, así como a gravidade da situación.

Verificación acoso

O Equipo de valoración emitirá un informe da situación denunciada á Dirección do centro.

Non confirmación do acoso

Potenciar as medidas de prevención e sensibilización ordinarias no centro recollidas nos programas elaborados polo Departamento de Orientación.

- O Claustro de Profesores, o Departamento de Orientación e/ou a Comisión de Convivencia convocadas polo director/a ou persoa en quen delegue, decidirán as medidas a adoptar en cada caso de acordo co NOF do centro.

- Aínda así, suxírense:

MEDIDAS DE PROTECCIÓN Á VÍCTIMA:

- Vixilancia específica de acosador/a ou acosadores/as e acosado/a.
- Tutoría individualizada dos implicados/as.
- Solicitar a colaboración familiar para a vixilancia e o control dos seus fillos/as.
- Cambio de grupo, se fose preciso.
- Pautas de autoprotección á vítima.

MEDIDAS CORRECTORAS CO AGRESOR/A OU AGRESORES/AS.

1. Petición de desculpas de forma oral e/ou por escrito.
2. Participación nun proceso de mediación.
3. Realización de traballos específicos en horario non lectivo relacionados co dano causado con autorización familiar.
4. Solicitar a colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos/as.
5. Realización de tarefas relacionadas coa mellora da convivencia no centro.
6. Implicación en tarefas socioeducativas.
7. Proposta de participación en cursos ou programas de HHSS con autorización familiar fora do horario lectivo.
8. Amonestación privada do Titor/a.
9. Amonestación privada por Xefatura de Estudos.
10. Comparecencia ante a Xefatura de Estudos de forma puntual ou periódica.
11. Cambio de grupo do agresor/a ou agresores/as, se fose preciso.
12. Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.

13. Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días.
14. Apertura de expediente disciplinario

3ª FASE

PLAN DE ACTUACIÓN. REXISTRO ESCRITO DAS MEDIDAS DECIDIDAS

- Debe recoller os seguintes apartados:

1. Actuacións co alumnado implicado (indiv.)
 - a. Vítima.
 - b. Acosador/a ou acosadores/as
 - c. Espectadores/as.
2. O grupo de clase.
3. Todo o alumnado do centro.
4. Actuacións coas familias
5. Actuacións cos Equipos Docentes.
6. Colaboracións externas.
7. Recursos utilizados.
8. Temporalización.
9. Seguemento e avaliación.

4ª FASE

INTERVENCIÓN ESPECÍFICA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Última fase de intervención:

OBXECTIVO:

- Evitar a recurrencia do caso e favorecer a erradicación da conduta agresiva
- Recoller pautas de autoavaliación no PAT, de tipo preventivo neste tipo de condutas.
- Método PIKAS

10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao remate de cada ano académico farase unha valoración global das accións realizadas e reflectirase nunha Memoria Final, na que se indicará: o nivel de consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

A avaliación realizarase en base a indicadores tanto cuantitativos como cualitativos, de tal xeito que, xunto cos datos obxectivos, queden recollidos os aspectos referidos á calidade e efectividade das intervencións.

Corresponde ao Observatorio da Convivencia Escolar do Centro realizar a memoria final. Contará coa colaboración do departamento de orientación así como da persoa dinamizadora da convivencia no centro (conforme á Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes), que deberá realizar un Informe Trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.

Para avaliar o Plan de Convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas. Cada unha delas debe ter persoas responsables (individualmente, equipos, grupo formado para este fin...) e uns prazos para facelo. No apartado de recursos sinalaríamos todo o que nos pode ser útil (documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos...) propios ou alleos ao noso alcance. Rematados os prazos analízase o grao de consecución.

ACTUACIÓN	RESPONSABLE/S	PRAZO	RECURSOS	GRAO DE CONSECUCIÓN			OBSERVACIÓNS	
				1	2	3		
							Data	
							Data	
							Data	
							Data	
							Data	

CLAVE: 1.- Iniciado; 2.- En proceso; 3.- Rematado

11. CONCLUSIONES E PROPOSTAS DE MELLORA

Este apartado resérvase para a reflexión sobre as actuacións levadas a cabo e sobre a propia avaliación (metaavaliación), así como as propostas de mellora para vindeiros anos. A información relativa a este punto completárase coa Memoria Final do Plan de Convivencia para o curso 2014-2015.

✓ 12. APROBACIÓN DO PLAN

- Acta de aprobación do Plan de Convivencia.

13. ANEXOS

1. FORMULARIOS PARA IMPOÑER MEDIDAS CORRECTORAS

1. Resolución do Director/a pola que se acordou a instrución dun expediente disciplinario a un alumno/a.

Tendo coñecemento de que se produciron determinados feitos susceptibles de ser tipificados como condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro,

consistentes.....

.....

.....

Considerando que tales feitos, (que motivan a posible instrución dun expediente disciplinario), son presuntamente imputables ou á alumno/a escolarizado neste centro:....., para o que é de aplicación a Lei de Convivencia (D.O.G. 15 Xullo 2011) polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e ás normas de convivencia nos centros.

Considerando que este Director/a ten a competencia para acordar a instrución deste expediente disciplinario e nomear o Instructor/a que se encargue da tramitación do mesmo,

RESOLVE:

Primeiro. Que se instrúa expediente disciplinario o/á alumno/a..... de..... curso de....., para determinar a súa responsabilidade en relación coas presuntas condutas mencionadas, debéndose observar durante a tramitación do mesmo ás formalidades e garantías establecidas na lexislación vixente.

Segundo. Nomear Instructor/a deste expediente o/a profesor/a don/a....., e trasladarlle toda a documentación do caso.

Terceiro. Dar conta desta Resolución o/á alumno/a e aos seus pais ou representantes legais e comunicalo o Servizo de Inspección Educativa, o Instructor, ó consello escolar e o Observatorio de Convivencia.

En..... a de.....

O/A Director/a, Asdo.

2. Escrito de notificación do inicio do expediente aos pais do/a alumno/a.D/D^a.....

(Dirección postal)

Comunicámoslles que o comportamento do seu fillo/a....., alumno/a de..... curso de..... neste centro docente, atópase presuntamente incluído dentro das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro dá Lei de Convivencia, reguladora dos dereitos e deberes dos alumnos, por canto con data.....

Por isto, o Director/a que subscribe mediante Resolución de dataacordou iniciar a instrución dun expediente disciplinario, segundo o establecido no Artigo 25 da citada Lei, para decidir procédese aplicarlle algún tipo de corrección ou sanción das previstas nesta norma.

A tal efecto nomeo Instructor do expediente o/á mestre....., e doulle traslado dá copia desta Resolución,

En..... a de.....

O/A Director/a,

Asdo.:

Recibín (pai, nai ou representante legal),

3. Modelo de declaracións do/a alumno/a presuntamente inculpado/a e doutras persoas que achegan a súa testemuña sobre os feitos.

Con data....., logo de actuación escrita, diante o/a Instrutor/a nomeado o efecto, don/a.....

COMPARECE o/a alumno/a (ou outras persoas) don/a....., coa

presencia dos seus pais ou representante legal o ser menor de idade e fai a seguinte **declaración**, unha vez informado dos feitos que se lle imputan:

Pregunta.....

Resposta.....

.

....

Pregunta.....

Resposta.....

.

....

Pregunta.....

Resposta.....

.

Pregunta ¿ ten algunha outra cousa máis que engadir o declarado?

Resposta.....

Lida esta declaración, asinan os comparecentes en proba de conformidade co seu contido.

En..... a de.....

Pai, nai ou representante legal

Outros

4. Proposta de Resolución que se eleva o consello Escolar do centro por parte do Instrutor/a don/asobre o expediente instruído contra o/a alumno/a.....

Con data..... iníciase a instrución do....., segundo consta a información dos feitos recollidos no seu momento, e que, en sínteses foron os seguintes:.....

Considerando que nas declaracións do/a alumno/a inculpado/a realizadas con data.....este afirma.....

Considerando que das testemuñas incorporadas o expediente dedúcese de maneira inequívoca.....

Considerando que os feitos mencionados constitúen unha falta, tipificada como conducta gravemente prexudicial para a convivencia no centro no Artigo

Resultando probado no expediente que tales feitos son imputables o alumno

E por iso que de acordo co que dispón o Artigo.....

PROPOÑO o Director do centro que se adopte a seguinte

***Resolución** (proposta que deberá ser notificada o interesado, o que se lle dará audiencia de todo o expediente para que alegue o que estime pertinente, indicando de maneira clara e concreta a corrección ou sanción que a propón)*

O/a instrutor:

Asdo.

5. Trámite de audiencia

Instruído o expediente disciplinario ó alumno.....,

é formulada a pertinente proposta de resolución, dáselle traslado da copia desta para que alegue canto estime conveniente na defensa dos seus dereitos.

A tal efecto comunícaselle que se levantará Acta deste trámite coa comparecencia dos implicados no horario lectivo do Centro e se esta comparecencia é inxustificada darase por realizada a audiencia para os efectos legais.

O que lle notifico para o seu coñecemento e aos efectos correspondentes.

(Lugar, data, nome do instrutor e sinatura)

6. Comunicación aos pais dá Resolución do Expediente.

O Director/a do centro.....

.na Resolución do expediente disciplinario instruído o/á alumno/a.....

Con data....., acordou a iniciación da instrución do expediente

disciplinario o/á alumno/a..... polos feitos que oportunamente

comunicáronse mediante escrito de data..... que foron os seguintes.....

.....
.....
.....

Considerando a proposta de Resolución elaborada polo Instrutor/a do expediente, así como as alegacións manifestadas polos interesados tras o trámite de audiencia convocado ou efecto.

Considerando o que dispón a Lei de Convivencia (D.O.G. 15 XULLO -2011),

Nos artigos.....

Considerando que a ten observado durante a tramitación as formalidades e as garantías establecidas na lexislación vixente o respecto.Este Director/a en virtude do Acordo tomado na súa reunión de data.....

RESOLVE:

.....
.....
.....

A presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de Recurso ante o consello Escolar do Centro no prazo de 10 días lectivos segundo o apartado f) do artigo 127 da Lei de Educación de 3 - Maio - 2006 (L.O.E.)

En....., a..... de.....

O/A Director/a, (Asinado e selo).